**Criterios de cualificación e recuperación da materia de francés**

*Criterios de cualificación:*

Para superar a materia de francés é necesario aprobar o terceiro trimestre.
A nota final da materia de francés será igual á do terceiro trimestre.

Probas:

Faranse probas escritas, unha ou dúas por trimestre, ditas probas poderán ser recuperadas antes da avaliación nunha proba que en caso de ser superada equivalería a un 5 na parte escrita. A proba consistirá de varias preguntas, entre 8 e 10, avaliarase a comprensión lectora, gramática, produción de textos sinxelos...
Faranse así mesmo probas de comprensión oral (unha ou dúas por trimestre) que poden ser incluídas dentro da proba escrita. A proba consistirá na escoita dunha gravación respondendo a unhas preguntas por escrito.
Realizarase como mínimo unha proba de produción e comprensión e oral e de lectura por trimestre. Dita proba poderá ser recuperada antes da avaliación, en caso de superar a proba, a nota da parte oral será de 5.

Actitude:
Valorarase a actitude e o hábito de traballo e esforzo mediante a participación do alumno na clase, a realización regular e a calidade das actividades . Valorarase así mesmo a actitude cívica do alumno na clase, na súa relación cos compañeiros e có profesor.

Porcentaxes:
As probas escritas e de comprensión oral supoñerán ata un máximo do 50% da nota da avaliación.
As probas orais supoñerán ata un máximo do 50% da nota da avaliación.
A actitude e observación poderá supoñer ata 10% na nota da avaliación e estará integrada nas diferentes probas escritas e orais.

Criterios de recuperación.

Como se indica anteriormente tanto a parte escrita como a oral poderá ser recuperada antes de rematar a a primeira e/ ou a segunda avaliación cunha ou varias probas.
Soamente poderá participar na recuperación o alumnado que teña suspensa a parte oral e/ou escrita.
Superar de forma positiva a proba de recuperación supoñerá un aprobado (5) na parte recuperada (oral e/ou escrita).
Superar as probas de recuperación do terceiro trimestre equivalerá a ter aprobada (cun 5) a terceira avaliación e polo tanto a avaliación ordinaria.